

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 30 DE MARZO DE 2015. NÚM. 3/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)


CONCELLEIROS:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL GONZÁLEZ OTERO (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO (Ausente. Asiste a Técnica de Intervención D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez).

Non asiste: D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).



ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior Nº 2/2015 de 23 de febreiro	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Toma de posesión do novo concelleiro do grupo popular D. Manuel González Otero.....	páx. 11
4.- Proposta da Alcaldía relativa á modificación da composición das Comisións Informativas e de nomeamento de representantes municipais en distintos organismos públicos.....	páx. 12
5.- Dación de conta do informe anexo da estabilidade da liquidación do exercicio 2014 e verificación de cumprimento do PEF.....	páx. 13
6.- Recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 5/2015.....	páx. 14
7.- Proposta da Alcaldía en relación á ampliación da superficie do local para a Unidade de Estranxeiría e Documentación dependente do Corpo Nacional de Policía.....	páx. 21
8.- Proposta da Alcaldía en relación á supresión dos Rexistros Cívís.....	páx. 22
9.- Proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Turismo de apoio á solicitude para a declaración da Romaría do Corpiño como “Festa de Interese Turístico de Galicia”.....	páx. 25
10.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
10.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde en relación a unha explotación agrícola	páx. 28
10.2.- Moción do PSdeG-PSOE en relación aos procesos de selección de persoal	páx. 31
10.3.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando campañas de información e asesoramento en relación ao subministro de gas	páx. 33
11.- Moción do PGD:	



Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín


11.1.- Moción do PGD solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde
e do Concelleiro Delegado en relación ás obras de acometida
de Gas Natural.....páx. 35


12.- Moción por urxencia:

12.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando o cambio nas propostas
realizadas no PPOS 2015 á Deputación Provincial.....páx. 35

13.- Rogos e preguntas.....páx. 37

=====





Lalín km cero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Sendo as dez horas do **luns día 30 de marzo de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, e os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*. *Non asiste* a Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Acude como asesora en materia económica a Técnica de Intervención *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

Non asiste *D. Francisco Pérez Donsión (PSdeG-PSOE)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta N^o 2/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2015. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Na páxina 19, na intervención de ***D^a Pilar López Carrón***, había que introducir o sendio negativo da mesmo, dicindo que países como Suíza eran menos vantaxosos, xa que o sentido recollido no borrador era o contrario.


Con esta corrección, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta n^o 2/2015 correspondente á sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2015, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.


2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR D. MANUEL GONZÁLEZ OTERO.-





Lalínkmccero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Procede a efectuar a toma posesión do cargo de concelleiro polo grupo popular *D. Manuel González Otero*, logo da renuncia presentada por *D. Román Rodríguez González* con motivo do seu nomeamento como Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e unha vez recibida a Credencial de concelleiro remitida a este Concello pola Junta Electoral Central, de data 11 de marzo de 2015.

A estes efectos o *Sr. Secretario* constata a presentación, por parte de *D. Manuel González Otero*, da declaración de bens e dereitos, dunha banda, e a declaración de actividades pola outra.

D. Manuel González Otero procede a xurar o seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

“Xuro e prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o *Sr. Alcalde-Presidente* dou posesión do seu cargo como edil deste Concello de Lalín e a todos os efectos legais a *D. Manuel González Otero*, integrándose de seguido este novo corporativo e tomando asento entre as filas do grupo municipal popular.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN DISTINTOS ORGANISMOS PÚBLICOS.-

A Presidencia deu conta da proposta, de data 25 de marzo de 2015, con motivo da renuncia do antigo concelleiro do grupo popular *D. Román Rodríguez González*.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: tres (3) do PSDEG-PSOE.


Abstencións: tres (3) sendo, dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo **aprobose** a proposta da Alcaldía, de data 25 de marzo de 2015, do seguinte tenor:

O pasado día 10 de febreiro de 2015, *D. Román Rodríguez González* presentou escrito de renuncia (nº rex. 846) como concelleiro do Concello de Lalín con motivo do seu nomeamento como Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante Decreto 15/2015, de 9 de febreiro, do *Sr. Presidente* da Xunta de Galicia.

Sendo que con motivo de dita renuncia é necesario proceder á modificación da





Lalín muncípio



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

composición das Comisións Informativas e da representación do Concello de Lalín en distintos organismos públicos dos que D. Román Rodríguez González formaba parte, e tras a toma de posesión do novo concelleiro do grupo popular D. Manuel González Otero, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro.- Nomear a **D. Camilo González Bodaño** para o cargo da Presidencia efectiva da COMISIÓN DE ACONDICIONAMENTO E PLANIFICACIÓN TERRITORIAL.

Segundo.- Nomear a **D. Manuel González Otero** membro das seguintes comisións informativas, en calidade de vogal titular:

COMISIÓN DE ACONDICIONAMENTO E PLANIFICACIÓN TERRITORIAL.

COMISIÓN DESENVOLVEMENTO E ACTIVIDADE ECONÓMICA.

COMISIÓN FACENDA E PATRIMONIO.

COMISIÓN DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, SEGURIDADE E SAÚDE PÚBLICA.

COMISIÓN DE POLÍTICAS SOCIAIS E ACTIVIDADE CIDADÁN.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Terceiro.- Nomear como representante titular do Concello de Lalín no Pleno da Mancomunidade de Terras de Deza a D^a María José Batán Mouriño.

Cuarto.- Nomear como representantes do Concello de Lalín no Grupo de Desenvolvemento Rural Terras do Deza (GDR) a D^a. María José Batán Mouriño (en calidade de titular) e a D. Manuel Gómez Estévez (en calidade de suplente).


5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANEXO DA ESTABILIDADE DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014 E VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DO PEF.-

A Presidencia deu conta deste expediente e do Informe de Intervención de data 6 de marzo de 2015.

Na explicación do mesmo **D. Manuel Gómez Estévez**, concelleiro delegado de facenda, explicou o contido do informe. Indicou que viña referido á liquidación do exercicio económico 2014, e que o mesmo daba conta do grao de estabilidade orzamentaria e do nivel de endebedamento. Sinalou que o nivel no que o Concello estaba era o mesmo que antes da compra do Lalín Arena.

Tamén falou o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, para indicar que estes anos houbo que apretarse algo pola compra do Lalín Arena; agora non era necesario e estabamos ao mesmo nivel de endebedamento que antes da dita operación.

O Pleno da Corporación quedou enterado do Informe da Estabilidade da Liquidación do exercicio 2014 e verificación do PEF, emitido pola Interventora Xeral en data 6 de marzo de 2015 do que se desprenden as seguintes conclusións:



Secretaría Xeral

“A liquidación consolidada da entidade local, e o seu organismo que prestan servizos ou producen bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, que se inclúen no Orzamento Xeral do exercicio 2014:

- Cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, dando unha capacidade de financiación o peche do exercicio de 2.531.915,97 €.
- Cumpre co obxectivo de regra de gasto, estando a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable o peche do exercicio de 176.466,25 €, cunha variación de gasto computable de: -1,60%
- Cumpre co límite de débeda, sendo o volume de débeda viva 5.706.840,58 €, que supón o 49,72 % dos ingresos correntes de carácter ordinario

O seu período medio de pago está dentro do establecido.

Xa que logo, recupérase o cumprimento da estabilidade e da regra de gasto, seguindo as premisas do Plan Económico financeiro aprobado polo Pleno da corporación o 28 de outubro de 2013.”

6.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 5/2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 19 de marzo de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de marzo de 2015.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, Concelleiro Delegado de Facenda, explicou o expediente. Había facturas que como sempre chegaban tarde, algunhas se devolvían porque estaban mal feitas, e logo corrixidas xa viñan con retraso. En concreto referíase ás facturas da empresa Unión Fenosa.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** adiantou a abstención do seu grupo. Dixo que sempre se estaban a recoñecer facturas atrasadas. Neste caso algunha correspondía ao ano 2013, con dous anos de retraso. Había que ver as consecuencias xudiciais se este mesmo feito, dous anos de retraso na presentación, se producise noutros temas ou facturas. *¿Cales son as consecuencias disto?*, preguntou.


Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:


Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6) sendo, tres (3) do PSDEG-PSOE, dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE** o expediente e a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 19 de marzo de 2015, do seguinte tenor:





Lalínkmuro



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

A fin de poder atender gastos realizados durante os exercicios 2013 e 2014, o Pleno da Corporación acordou o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan no ANEXO I que se une a este expediente, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2015. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante os anos 2013 e 2014 que non foi posible aprobar con cargo ao correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ao presuposto dos exercicios correspondentes.


Por elo, O Pleno **ACORDOU**:


Aprobar o expediente nº 5/2015 e recoñecer extraxudicialmente as seguintes facturas que se relacionan no Anexo I seguinte:

ANEXO I

RELACIÓN DE FACTURAS - RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL Nº 5/2015

Texto	N.I.F.	Razón social interesado	C.Fun.	C.Eco.	Rec-Des/I.V.A.
ENERXÍA ELÉCTRICA PORTO DO CARRIO, 001AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	18,96 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SOMOZA, 0016 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	60,15 €
ENERXÍA ELÉCTRICA ALEMPARTE 0007 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	62,92 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SAN FIZ, 0011 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	63,74 €
ENERXÍA ELÉCTRICA LAMEIRO, 0005 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	54,51 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BAXAN, 0014 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	142,77 €
ENERXÍA ELÉCTRICA MATO, 0008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	105,19 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CARROFEITO, 0005 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	91,42 €
ENERXÍA ELÉCTRICA MIDON, 0008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	88,57 €






Lalínkmccero




Concello de Lalín

Secretaría Xeral

ENERXÍA ELÉCTRICA QUINTA, 0006 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	47,25 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CAXIDE, 0001 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	78,88 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BARCIA, 0010 AP BJ	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	184,82 €
ENERXÍA ELÉCTRICA PENA, 0021 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	101,89 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BARRIO, 0016 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	44,31 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CAMPO, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	152,67 €
ENERXÍA ELÉCTRICA OUTRALDEA, 0001 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	96,49 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BARRIO, 004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	33,48 €
ENERXÍA ELÉCTRICA PENAS, 0006 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	51,91 €
ENERXÍA ELÉCTRICA LOSON, 0009 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	54,32 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SELLO, 0007 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	21,34 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RÚA SALGUEIRIÑOS, 9999 CC LI	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	33,09 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BOTOS, 0008 BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	80,10 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BERMES, 0010 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	18,17 €
ENERXÍA ELÉCTRICA OUTEIRO, 0029 AP BJ	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	94,20 €
ENERXÍA ELÉCTRICA DEVESA DE BAIXO, 0007 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	108,59 €
ENERXÍA ELÉCTRICA LAMELA, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	39,10 €
ENERXÍA ELÉCTRICA DONFREAN, 0019 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	105,74 €






Lalín km0




Concello de Lalín

Secretaría Xeral

ENERXÍA ELÉCTRICA BENDOIRO, 9701 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	48,75 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RIBELA, 0033 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	104,64 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SANMARTÍÑO, 0007 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	38,53 €
FACTURA ELÉCTRICA VISTALEGRE, 002 AP - ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	307,95 €
FACTURACIÓN ELÉCTRICA CARRETERA, 0069 AP, ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	40,45 €
ENERXÍA ELÉCTRICA A XESTA, 0086 AP BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	244,03 €
ENERXÍA ELÉCTRICA ORXAS, 0001 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	29,58 €
ENERXÍA ELÉCTRICA TOIMIL, 0016 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	91,85 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RIADIGOS, 0002 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	32,40 €
ENERXÍA ELÉCTRICA NOCEDA DE ABAIXO, 0022 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	74,39 €
ENERXÍA ELÉCTRICA XAXÁN, 0013 AP, ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	68,63 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BARRIO, 0015 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	68,44 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CASTIÑEIRO, 0011 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	72,98 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CARBALLUDE, 008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	100,79 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BRENZOS DE ABAIXO, 003 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	72,59 €
ENERXÍA ELÉCTRICA XIRÓN, 0003 ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	57,50 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VENTO, 0017 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	223,14 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RIELO, 0029 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	39,02 €






Lalínkmncero




Concello de Lalín

Secretaría Xeral

ENERXÍA ELÉCTRICA VILA, 0012 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	60,14 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BERGAZÓS, 0021 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	100,25 €
ENERXÍA ELÉCTRICA DOADE, 0017 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	172,09 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CANCELAS, 0023 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	51,40 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILARIÑO, 0018 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	103,81 €
ENERXÍA ELÉCTRICA MILLEIROS, 0009 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	89,38 €
ENERXÍA ELÉCTRICA AVDA. MONTERRAR, 0041 CF BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	102,08 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RAMIL, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	125,40 €
ENERXÍA ELÉCTRICA REGADO, 0003 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	18,60 €
ENERXÍA ELÉCTRICA A XESTA, 0012 AP BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	64,82 €
ENERXÍA ELÉCTRICA MEDELO, 0006 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	58,35 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RODIS, 0010 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	75,23 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BOTOS, 0008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	148,52 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CERCIO, 0032 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	145,83 €
ENERXÍA ELÉCTRICA RÚA SALGUEIRIÑOS, 9999 LI	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	110,92 €
ENERXÍA ELÉCTRICA EIREXE, 0010 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	94,57 €
ENERXÍA ELÉCTRICA PEDREIRA, 0004 ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	227,30 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILACRESPO, 0008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	37,41 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BUSTELO, 0018 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	68,35 €
ENERXÍA ELÉCTRICA INSUA, 0004 APAALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	76,25 €
ENERXÍA ELÉCTRICA PORREIROS, 0001 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	26,45 €
ENERXÍA ELÉCTRICA COSTOYA, 0035 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	119,63 €






Lalín km cero




Concello de Lalín

Secretaría Xeral

ENERXÍA ELÉCTRICA VILAR 0002 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	30,00 €
ENERXÍA ELÉCTRICA PEDROUZOS, 0015 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	11,51 €
ENERXÍA ELÉCTRICA MARTÍN, 0006 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	31,11 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BELELLE, 0016 AP, ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	142,73 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SAMPAIO, 0006 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	51,80 €
ENERXÍA ELÉCTRICA A XESTA, 0086 BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	91,27 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILASOA ,0016 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	59,76 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SANTE, 0013 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	59,01 €
ENERXÍA ELÉCTRICA R/ ROSALÍA DE CASTRO, 0020 SGALU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	347,25 €
ENERXÍA ELÉCTRICA LODEIRÓN, 0035 BJ.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	423,73 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CRUCEIRO, 0006 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	78,42 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CERCIO, 0072 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	102,31 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SENÍN, 0010 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	63,10 €
ENERXÍA ELÉCTRICA OIS PEQUENO, 0011 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	60,95 €
ENERXÍA ELÉCTRICA AMBOADE, 0005 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	29,52 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BALAGOSA, 0010 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	67,93 €
ENERXÍA ELÉCTRICA BERMÉS DO FONDO, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	77,43 €
ENERXÍA ELÉCTRICA LOUCENZO, 0020 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	107,06 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VALES, 0005 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	39,68 €






Lalínmcero




Concello de Lalín

Secretaría Xeral

ENERXÍA ELÉCTRICA CAMPO, 0001 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	278,47 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILAMAYOR, 0011 AP	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	39,47 €
ENERXÍA ELÉCTRICA TAÍN, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	96,64 €
ENERXÍA ELÉCTRICA XAR, 0008 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	87,73 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CASTRO, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	64,37 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILATUXE, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	125,28 €
ENERXÍA ELÉCTRICA CASTRO, 0009 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	47,88 €
ENERXÍA ELÉCTRICA VILAR, 0004 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	54,93 €
ENERXÍA ELÉCTRICA NOGUEIRAS, 0002 AP ALPU	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	17,61 €
ENERXÍA ELÉCTRICA SAN LORENZO, 0011 B.J.	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	323	22100	1033,470,00
DIFERENZA FACT. ENERXÍA ELÉCTRICA AL. PÚBL.NOV. 2014	A08431090	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	5.752,69 €
DIFERENZA FACT. ENERXÍA ELÉCTRICA ALUM.PÚBL MAIO 2014	A08431090	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	708,35 €
FACT.ENERXÍA ELEC.XANEIRO 2015 R. EXTR.PLENO 5/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165	22100	6.998,63 €
FACT.ENERXÍA ELEC.XANEIRO 2015 R. EXTR.PLENO 5/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	323	22100	154,29 €
FACTURACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA XANEIRO 2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	165	22100	19.182,10 €
FACTURACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA XANEIRO 2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	323	22100	3.672,03 €
FACTURACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA XANEIRO 2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	333	22100	1.060,59 €
FACTURACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA XANEIRO 2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	337	22100	533,68 €
ENERXÍA ELÉCTRICA DECEMBRO 2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	165	22100	2.163,58 €
FACTURACIÓN DECEMBRO 2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	165	22100	17.011,64 €





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

FACTURACIÓN DECEMBRO 2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	323	22100	3.106,22 €
FACTURACIÓN DECEMBRO 2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	337	22100	1.216,90 €
FACTURACIÓN DECEMBRO 2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	920	22100	7.016,72 €
				TOTAL	78.124,86 €

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN Á AMPLIACIÓN DA SUPERFICIE DO LOCAL PARA A UNIDADE DE ESTRANXEIRÍA E DOCUMENTACIÓN DEPENDENTE DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA.-

A Presidencia deu conta desta proposta de data 11 de marzo de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 26 de marzo de 2015.


O Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou que tal e como xa se falou no anterior pleno, parece que se conseguiu unha minicomisaría de policía, para expedir documentos nacionais de identidade, pasaportes e documentos de estranxeiría. Inicialmente baralláronse varias posibilidades. Houbo unha xuntanza co Director Xeral da Policía, o *Sr. Cosidó*, porque había moitas peticións en España, e unha delas foi a de Lalín. O ideal era que houbera varias persoas; nun principio falouse de tres, pero logo este número foi de cinco. A día de hoxe xa había unha convocatoria de persoal para poder pedir estas prazas e había peticións dabondo. O día 9 de abril remataría o prazo.

No que a espazo físico se refería, agora en vez de tres persoas habería cinco, e os metros cadrados a empregar serían 99 m2. Para elo poñeríanse mamparas por parte do Concello. Había máquinas que as poñía o Ministerio do Interior e que custaban moitos cartos, e esperaba que pronto empezasen a funcionar.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo coa proposta. Preguntou: *Cantos cartos custará ao Concello este novo servizo?*

De novo o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que todo estaba regulado. O Concello correría cos gastos de limpeza, enerxía eléctrica e calefacción. Os gastos de teléfono e de persoal serían a cargo do Ministerio do Interior. Habería tres ordenadores nosos, pero a máquina principal, o material funxible e os teléfonos serían deles. Esperaba que aquí non houbese lista de espera.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo *catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE*, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación **ACORDOU APROBAR** a proposta da Alcaldía de data 11 de marzo de 2015 do seguinte tenor:



A proposta desta Alcaldía, o Pleno da Corporación, na sesión celebrada o pasado 1 de decembro de 2014, acordou comprometerse á cesión, previa mutación demanial, dun espazo de 41 m² de uso exclusivo para a Policía Nacional, segundo o plano nº 1 que se achegaba á proposta.

A dita cesión fíxose sobre a previsión de que a Unidade estivese composta por dúas ou tres persoas, suposto no que o espazo daquela ofertado parecía suficiente; non obstante, confirmada a concesión da Unidade comunícase ó Concello que o persoal destinado á mesma se

podería incrementar ata cinco persoas, resultando que o local inicialmente ofertado é manifestamente insuficiente.

Os beneficios que suporá para os veciños de Lalín a instalación da Unidade xa foron suficientemente expostos, e os mesmos xustifican sobradamente a proposta.

En base ao anteriormente exposto o Pleno da Corporación acordou:


Modificar o acordo Plenario nº 10, acadado na sesión de 1 de decembro de 2014, no único senso de que o espazo de oficinas que ocupará a Unidade na Casa Consistorial pasará de 41 a 99 m², segundo o plano nº 2 que se achega á proposta, mantendo o resto do acordo non mesmos términos.


8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN Á SUPRESIÓN DOS REXISTROS CIVÍS.-

A Presidencia deu conta desta proposta de data 26 de marzo de 2015. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 26 de marzo de 2015.

O Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou que agora que se estaba a tramitar como lei, e en fase de alegacións, cun borrador confuso, facía falta manifestar esta vontade e intención do Concello de que o Rexistro Civil de Lalín non desapareza a nivel comarcal. Esta moción viña tamén tras un acordo ca Comisión Executiva da FEGAMP a iniciativa súa, mesmo para que se manteñan, aínda cando os concellos teñan que abonar unha cota dos gastos do servizo. Coidaba que era un servizo que había que manter, que debía ser gratuíto, como o era ata hoxe, e porque era un servizo que se debía prestar desde a cercanía aos veciños.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo en manter este servizo, xa que era básico a prestar aos cidadáns, e desde logo había que moverse e actuar para evitar a súa desaparición ou a súa privatización. Lembrou que o seu grupo presentou unha moción hai un ano neste Pleno precisamente con esta mesma intención e o PP votou en contra. Agora non quedaba outra que apoiar esta moción e todas aquelas iniciativas que tendan a conservar e a manter este servizo do rexistro civil aos cidadáns.





Lalín muncípio

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que o BNG tamén presentou moción para garantir este servizo. Lembrou que este cambio que se quería facer viña “*da era Gallardón*”; era unha consecuencia máis da actuación deste ministro. Ía na mesma liña que outros cambios que se propuxeron tanto na administración de xustiza como foi a implantación das taxas xudiciais. Agora era o momento tamén de protestar e de esixir que se manteña este servizo. Por iso apoiarán a moción.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** tamén coincidía en que estes cambios legislativos en curso supuñan un paso atrás na prestación deste servizo. Non estaba dacordo cos mesmos, e por iso apoiaría a moción para manter este servizo do rexistro civil na súa configuración actual e nas comarcas.

Rematou o debate o sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias**. Dixo que todo era mellorable, pero que el foi un dos poucos alcaldes que presentou unha moción en contra e que fixo algo na FEGAMP contra esta lei. Estaba en contra, e por iso quería que se mantivese o servizo.


Por alusións, **D. Manuel María González Aller** lembrou que o grupo municipal do goberno votou en contra o ano pasado da súa moción, que pedía o mesmo que esta agora en debate.


Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo *catorce (14) do PP, tres (3) do PSDEG-PSOE*, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación **ACORDOU APROBAR** a proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2015 do seguinte tenor:

A posible supresión dos Rexistros Cívís contemplada na Lei 20/2011, de 11 de xullo, do Rexistro Civil é, tal como xa manifestei hai máis dun ano no seno da FEGAMP, unha cuestión preocupante para Lalín e Comarca e tamén para un importante número de concellos medios de toda Galicia, pois de confirmarse esta perda de servizos teríamos que desprazarnos aos escasos Rexistros Mercantís existentes en Galicia ou ás futuras Oficinas Xerais do Rexistro Civil, cuxo emprazamento se ignora (probablemente nas capitais provinciais, segundo prevé o Proxecto de Lei de medidas da reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza do Rexistro Civil).

Isto traería notables prexuízos para os nosos veciños que terían que viaxar á capital provincial para facer os trámites no Rexistro Civil, cos prexuízos engadidos de que terían que desprazarse máis de 80 quilómetros e cos gastos en tempo e diñeiro que lle suporía, cando en Lalín, sendo como somos cabeceira dun partido xudicial, temos unhas instalacións xudiciais de recente creación idóneas para, ademais de continuar prestando o servizo de Rexistro Civil, incluso dar máis prestacións das actuais, xa que están operativas dúas salas pero podería haber unha máis en funcionamento.

Manter en Lalín, cabeceira de partido xudicial, o actual servizo de Rexistro Civil onde poder





Lalín muncípio

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

realizar trámites como os de matrimonio civil, as inscricións de nacemento ou os expedientes de nacionalidade, entre outros, contribuirá ademais a manter o reequilibrio territorial da zona e no interior de Galicia ao manter servizos aos veciños dunha extensa zona rural.

Nestes momentos a Lei 20/2011, de 11 de xullo, do Rexistro Civil, está tramitándose no Congreso dos Deputados e ten aberto o trámite de alegacións, polo que considerei oportuno retomar este tema no seno da FEGAMP, lexítimo representante do municipalismo galego e porque ademais entendo que este problema hai que resolvelo dun xeito conxunto e non individual, pois afecta non só dun xeito exclusivo a Lalín, senón a todos os concellos de Galicia que teñen na actualidade Rexistro Civil.


Así, na última Comisión Executiva celebrada o 18 de marzo propuxen, ao igual que no seu momento fixen co tema da desaparición dos xulgados que finalmente non se vai producir, a adopción dun acordo instando ao Goberno central (Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza) a que corrixa esta deficiencia contemplada na dita Lei que está en fase de alegacións para que finalmente un importante número de concellos medios de toda Galicia afectados pola posible próxima supresión de Rexistros Cívís podan seguir dando os ditos servizos aos seus veciños en aras de acadar un mellor modelo na eficiencia dos servizos de xustiza, compatible cuns servizos de proximidade á veciñanza.

Deste xeito, a Executiva da FEGAMP aprobou na súa última sesión un acordo neste sentido, referendado de xeito unánime por todos os grupos políticos, recollendo a preocupación amosada polos concellos galegos ante a próxima posible supresión dos actuais Rexistros Cívís coa definitiva entrada en vigor da Lei 20/2011, de 11 de xullo do Rexistro Civil, no que a FEGAMP dá conta de que a dita circunstancia xa foi posta en coñecemento da Secretaría de Estado de Xustiza polo presidente e os vicepresidentes voceiros dos partidos representados na FEGAMP nunha recente xuntanza.

Así mesmo a FEGAMP acordou poñerse en contacto novamente coa Dirección Xeral de Rexistros e Notariado do Goberno de España para esixir o mantemento dos servizo e funcións rexistrais no ámbito municipal máis próximo, encomendándose os mesmos aos xulgados de paz, sen prexuízo de considerar, en atención á nova natureza administrativa do Rexistro Civil, e para os municipios sen xulgado de paz, a colaboración ou participación municipal, co conseguinte financiamento que establece a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local no desempeño destas funcións rexistrais máis alá das previsións recollidas no artigo 22.2 da Lei 20/2011 e na liña xa existente en países do noso entorno tales como Francia ou Italia.

Por estas razóns, consideramos que esta Lei 20/2011, de 11 de xullo, do Rexistro Civil, debe adaptarse ás particularidades e especificidades propias de Galicia, polo que o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Instar ao Goberno do Estado (Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza) para que a definitiva entrada en vigor da Lei do Rexistro Civil esixa o mantemento dos



servizos e funcións rexistrais no ámbito municipal máis próximo.

9.- PROPOSTA DO SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE TURISMO DE APOIO Á SOLICITUDE PARA A DECLARACIÓN DA ROMARÍA DO CORPIÑO COMO “FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA”.-

A Presidencia deu conta desta proposta de data 23 de marzo de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de marzo de 2015.

Polo grupo de goberno o edil delegado de Turismo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** explicou o contido da proposta. Nela propoñíase o apoio á petición dunha asociación de veciños da parroquia de Losón para que a Festa da Virxe do Corpiño se declarase de interese turístico galego. O Concello manifestaría o seu apoio a esta solicitude. Sendo unha entidade privada, sería máis fácil conseguir esta declaración, xa que tiñan outras determinacións que cumprir segundo o Decreto 4/2015.


Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** indicou que apoiarían a proposta. Non obstante había dúas posturas: unha a favor de conseguir esta declaración polo aspecto positivo que significaba para a zona e o turismo; a outra era máis ben negativa, e referíase ao que tamén significaba da Virxe, o meigallo e a implicación relixiosa.


Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que votarían en contra. Había unha connotación relixiosa. Era certo que había unha connotación relixiosa; pero tamén era certo que estaban en contra do conxunto de simboloxía, liturxias e actos como as ofrendas, os exorcismos e outros, que excedían dese significado inicial relixioso. Entendía que o Concello non deba posicionarse neste asunto.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que era certo que a Romaría que alí había era unha realidade, e non se podía negar. Tampouco o que significaba a relixión na mesma, e a tradición que recollía e o que significaba para todos. Apoiaría.

De novo **D. José Antonio Rodríguez González** sinalou que había que ter unha visión ampla do que significaba esta festa. Máis alá do significado relixioso, existía un importante impacto no turismo cultural da zona. Deu datos. Así sinalou que había un Plan de Turismo 2015-2020 e este evento da Festa do Corpiño estaba en fase emerxente e era un dos destinos que conlevaba fidelidade.

A xente que viña a Santiago tamén tiña moitos outros motivos para visitar a zona, expandirse e acudir aquí. Lembrou que agora que ía comezar a Semana Santa, a ocupación cifrábase no cen por cen, e era unha fonte de ingresos importante para toda a zona, á que contribuía o significado relixioso e a gastronomía do mesmo.





Lalín muncipalidad

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

A Virxe do Corpiño debía ser un reclamo para Lalín e para a comarca, unha fonte de ingresos para o turismo que había que potenciar.

Salientou **D. Manuel María González Aller** que a Virxe do Corpiño tamén era unha festa, ademais de relixiosa, lucrativa, que supuña tamén para a Igrexa unha fonte de ingresos. Lembrou as obras e actuacións da Deputación Provincial na mesma, nos accesos ao santuario, e lembrou que había ingresos dabondo en dito lugar como para detraer fondos públicos.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que non era comparable a Festa da Virxe do Corpiño co Camiño de Santiago. Na festa en debate había exorcismos, supostas curas coas mans, etc, e había que preguntarse a que ía a xente a ese lugar. Estaban en contra.

Tamén **D. Camilo Conde López** reiterou que apoiaría a petición e vía positivo para Lalín e a comarca a mesma.

Finalmente rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias**. o Alcalde-Presidente salientou que as festas similares que había no entorno serían *Lourdes e Fátima*. Non había máis que ver o impacto económico e turístico que tiñan esas festas nas ditas zonas e países, para apoiar a petición que agora se debatía neste órgano.

Doutra banda na zona podía entenderse que debía potenciarse a parte gastronómica: estaban os queixos da empresa Anzuxao, unha fábrica de embutidos e máis cousas.

Elo supuña un beneficio para todos, porque había que partir dunha idea base: a meirande parte da xente en Galicia, ignoraba que a Virxe do Corpiño estaba ou pertencía ao Concello de Lalín. Isto había que divulgalo e potencialo, para favorecer non só o feito relixioso, senón o turismo para Lalín e a súa comarca.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:


Votos a favor: dezoito (18), sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSDEG-PSOE e un (1) do PGD.


Votos en contra: dous (2) do BNG.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo **aproboouse** a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Turismo de data 23 de marzo de 2015, do seguinte tenor:

O pasado día 18 de marzo de 2015, D. Marcos Mariño García, presidente da Asociación Cultural “O Refaixo”, asociación da parroquia lalinense do Corpiño que organiza anualmente a Romaría do Corpiño, presentou un escrito no Concello de Lalín (nº rex. 1637) solicitando o apoio do Pleno da Corporación á solicitude da declaración de dita Romaría como Festa de Interese Turístico de Galicia.





Lalínkmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

A Romaría do Corpiño, que se celebra anualmente os días 23 e 24 de xuño, ten dende sempre unha grande afluencia de público e é unha das máis populares do calendario eclesiástico de Galicia, aínda que en dita Romaría se mesturan actividades de tipo exclusivamente relixioso con outras de índole non relixiosa, como as musicais ou as gastronómicas. Ademáis, ao longo de todo o ano, unha grande cantidade de feligreses e visitantes acuden ao Santuario do Corpiño, xa sexa por cuestións de tipo relixioso, cultural, etnográfico, turístico ou de calquera outra índole.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, recolle no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no cal se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración se fará segundo se determine regulamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

Segundo o disposto no artigo 93.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.


A declaración de festas de interese turístico de Galicia regúlase mediante Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro (DOG nº 12 de 20/01/2015), que establece os requisitos e efectos da declaración de ditas festas, así como o procedemento, vixencia e perda da súa condición, indicando o artigo 9 que a competencia para a declaración de festa de interese turístico de Galicia corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, e as demais funcións relacionadas coa instrución do procedemento serán exercidas pola axencia a través da Dirección de Competitividade.

Segundo o disposto no artigo 10, o procedemento para a declaración de festa de interese turístico de Galicia iníciase por solicitude de entidades interesadas, sexan de carácter público ou privado, que se presentará consonte o modelo que se incorpora como anexo desta disposición, logo de consulta ao concello onde se celebre, salvo no caso de que sexa o propio concello o que formule a solicitude de iniciación, entendendo por entidades interesadas o concello ou concellos do lugar onde se celebra a festa e as entidades públicas ou privadas relacionadas co sector turístico ou cultural, polo que sendo a Asociación Cultural “O Refaixo” a asociación que ven de organizar dende hai anos a Romaría do Corpiño, debe considerarse como entidade interesada e con capacidade aos efectos de presentar a solicitude diante da Xunta de Galicia.

O Concello de Lalín entende que a Romaría do Corpiño reúne todos os requisitos para acadar a distinción de festa de interese turístico de Galicia dado que é a máis concorrida da Comarca e unha das máis populares do calendario festivo galego.

A proposta presentada por *D. Marcos Mariño García* documenta de xeito extenso e pormenorizado a historia e a importancia de dito evento e destaca, entre as singularidades da celebración, a de ser “unha manifestación cultural que conxuga relixiosidade, folclore, arte,





Lalín muncipal

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

etnografía, historia e tradición". Así mesmo detállase na solicitude data que "na actualidade o Santuario do Corpiño é o máis visitado, polo que unha axeitada promoción podería lograr sinerxias no desenvolvemento turístico e mesmo económico desta ampla zona da Galicia central. O recoñecemento oficial de Festa de Interese Turístico de Galicia podería axudar neste senso".

A documentación histórica achada polo de agora, e acreditada na memoria que acompaña á solicitude, realizada polo cronista oficial de Lalín Daniel González Alén, data a existencia desta Romaría desde principios do S. XVII. Nela concrétase que *"son máis de 30.000 as persoas que se estima que visitan ese Santuario ao longo do ano"*.

A nivel de promoción o Santuario do Corpiño conta con páxina web propia, <http://www.santuario-corpino.es/> e www.ocorpino.es, así como con perfís en redes sociais, como tamén ocupa un espazo na web do Concello de Lalín.

Sobre a Romaría do Corpiño téñense publicado varios libros e monografías sobre diversos aspectos, centos de reportaxes en prensa, así como programas de radio e televisión, ademais de terse filmado varios documentais desta popular Romaría.

En base ao anteriormente exposto considérase que a Romaría do Corpiño reúne todos o requisitos para ser declarada "Festa de Interese Turístico de Galicia". **Por este motivo o Pleno da Corporación Municipal de Lalín ACORDOU:**


Manifestar o apoio do Pleno da Corporación do Concello de Lalín á solicitude que vai a realizar a Asociación Cultural "O Refaixo" para a declaración da Romaría do Corpiño como Festa de Interese Turístico de Galicia.


10. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.-

10.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE EN RELACIÓN A UNHA EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 22 de marzo de 2015 e rexistro de entrada do día 23 de marzo co número 1702. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 26 de marzo de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE **D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo o contido da moción. Indicou que este expediente amosaba a disparidade de criterios nas actuacións urbanísticas que seguía o grupo de goberno segundo se tratase dunha persoa ou doutra. Podería traer máis de trescentos expedientes para debater, a razón de tres ou catro cada sesión, para demostrar isto.





Lalín muncípio

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Indicou que en marzo de 2014 unha empresa dunha familiar dun edil do concello iniciou o expediente. O *Secretario* emite certificación de ausencia de alegacións, pero non porque sexa falso, senón porque non se notificou aos colindantes, un trámite preceptivo a seguir.

Informado pola Xunta de Goberno, empezaron as obras sen licenza. Cando se iniciou o proceso, as obras estaban xa iniciadas. As obras non se parecían en nada ás proxectadas. No mes de xaneiro de 2006 estaban xa rematadas. Cambiouse de criterio pero xa estaba todo feito. Entón houbo que volver a empezar de novo.

En abril de 2007 o promotor segue ampliando as obras. Non se pediu licenza. E hai novo expediente, pero as obras xa están feitas. De novo a administración municipal non notifica aos colindantes. Está suxeito a licenza ambiental. Aquí si que se notifica aos colindantes. Hai un informe técnico que di que hai 3,5 metros a un pozo da finca colindante e 15 metros aos silos, os cales non estaban incluídos en proxecto. A obra xa estaba rematada. Procedería realizar a paralización da obra, pero o Concello non fai nada. Concédese en cambio unha prórroga.

En agosto de 2010 preséntase un proxecto de ampliación e legalización. O 21-7-2011 pídese a licenza de obra, e levántase a acta correspondente. Aos tres anos caducan as licenzas e pídese prórroga da licenza e tres anos para facer obras en xullo de 2014, cando o que procedía era a demolición das obras que existían, entre elas unha nave de cen metros cadrados xunto aos colindantes.

Todo isto contrastaba co tratamento que o grupo de goberno deu a outros veciños. Por exemplo na parroquia de Prado a un veciño pola construción dun galiñeiro que non gardaba a distancia aos colindantes tivo un proceso sumaráisimo, con decreto de paralización, orde de demolición, multas e ao final o veciño tirou o galiñeiro. Neste caso seguíronse todos os pasos legais.


En suma por isto se pedía que a Alcaldía compareza e dea as explicacións correspondentes, non amparando as obras ilegais. Leu de seguido o que se pedía na moción.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que ían apoiar a comparecencia.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** tamén salientou que había que ver estes caso e buscar solucións.

Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que esta moción e as verbas do edil socialista amosaban animadversión. Este expediente afectaba a tres familias e non soa á familia do edil que sinalou. Levaba a firma persoal súa. Indicou que se estivese un edil socialista, o *Sr. Pérez Donsión* veríase que tramitou moitos expedientes similares a este que expuxo pero con máis defectos e erros, quizá mesmo multiplicado por dous.

O tema do galiñeiro nada tiña que ver con este, que afectaba a silos. A Xunta de Goberno levou a cabo un plan de regularización de explotacións agrarias en Lalín. A este plan acolléronse a meirande parte das explotacións agrogandeiras do noso Concello, lembrando que máis do



sesenta por cento estaba con esta situación similar á exposta, sobre todo as granxas de vacún. Regularizáronse máis do 80 % delas. Desde o Concello axudouse para que cumprisen a normativa e facilitouse o posible para elo.

Non houbo trato de favor algún a familiares do Concelleiro. Houbo moitos problemas coas explotacións gandeiras, pero non houbo trato de favor; se estivese aquí o *Sr. Pérez Donsión* acreditaría que non houbo trato discriminatorio desde o Concello ás granxas para a súa regularización. Déronse facilidades, axudouse a todos a normalizar a situación, ao igual que pasaba en toda Galicia.

Neste expediente parece que había algo de inquina, e esta explotación era das que mellor estaba na zona.

Rexeitou **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** que houbese animadversión del contra ninguén neste expediente. Iso si que o houbo no tema de Sello, expediente no que o veciño afectado acabou no hospital cun derrame cerebral e faltoulle pouco para ir ao cárcere. En Barcia houbo multas, o que non se fixo con ningún outro; e no galiñeiro de Prado tamén se impuxeron multas e logo chegou a demolición; en Goiás tamén se obrigou a actuar polo tema do camiño.

O Concello facía a vista gorda cando quería. Insistiu en que no tema de Barcia houbo persecución persoal e trato discriminatorio e en moitos expedientes máis nos que non se vían, pero non todos estaban aquí.

Preguntoulle: *¿sabe vostede onde están as cerchas que se quitaron do Campo da Feira?*

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que non o sabía. Insistiu en que no tema de Goiás os veciños denunciaron, e el coñecía o tema. Viñeron aquí a falar con el mesmo e chegaron a un acordo. No tema do galiñeiro de Prado houbo denuncia dos colindantes. Non había similitudes nos casos que aludía o edil socialista.

Outra vez no uso da palabra, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que as galiñas e as vacas eran cousas distintas, e que se estaba a debater cousas diferentes. Aquí eles apoiaban a comparecencia par oír explicacións dun caso concreto.

Tamén **D. Camilo Conde López** reiterou que estaba a favor da comparecencia.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:


A comparecencia da Alcaldía para explicar como é posible que se estea amparando unha construción ilegal, e non legalizable, dende hai máis de 8 anos co coñecemento e complicidade total do grupo de goberno e, por suposto desta Alcaldía, así como para responder a todas aquelas preguntas que se lle formulen sobre o tema.


Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.





Lalín muncipalidad

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

10.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN AOS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 21 de marzo de 2015 e rexistro de entrada do día 23 de marzo co número 1703. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 26 de marzo de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE **D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo o contido da moción.


Empezou a súa disertación indicando que todo comezou coa publicación no BOP de Pontevedra no mes de xaneiro de 2015 das Bases para a contratación de persoal por parte da Deputación de Pontevedra. O Concello de Lalín fixo a selección, e ao parecer para defender os seus intereses, fixo o proceso e montou un proceso cun montón de cousas mal.


En primeiro lugar non se fixo publicidade do tipo de prazas que sacaría. O día 19 de xaneiro acordouse acollerse á convocatoria, e en teoría ningunha persoa tería datos para apuntarse de novo. Pero puido haber xente que se enterou e apareceu apuntada, modificando o seu perfil para optar a determinadas prazas; En segundo lugar, non se seguiron nas bases aprobadas polo Concello os criterios que establecían as Bases da Deputación. Por exemplo nas bases se establecían procedementos distintos para desfacer empates e a puntuación acorde coa das bases da Deputación era de 2,5 puntos; En terceiro lugar as bases municipais aprobáronse cando se coñecían e tiñan xa os listados de persoas que optaron ás mesmas. Coidaba que as bases se adaptaron a determinados perfiles dos aspirantes; nas probas contaba ter traballado na empresa; A entrevista decidía ata con cinco puntos; cando os aspirantes chegaron ao Concello, atopáronse cunha proba escrita, algo que non ten pés nin cabeza; As actas dicían que os exercicios foron eliminatorios, e isto non constaba nas bases, nin se dixo nunca antes á xente; finalmente nas entrevistas se deron puntuacións de 4, 3, 2 ou de 0 puntos.

Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o goberno municipal non meteu nada a maiores nas bases. Había tamén algún candidato aos que non lles interesaba o tema e había que darlle 0 puntos.

Por alusións, preguntou **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** que motivos había para puntuar a algúns aspirantes con dous e a outros con catro puntos na entrevista. Nese aspirante aludido polo Alcalde, estaba de acordo en darlle 0 puntos. Preguntou tamén por qué non se deixou á oposición estar nos procesos de selección. Tamén pediu saber se algún cidadán coñeceu os baremos e cambiaron os perfiles para adaptarse logo as bases aos mesmos.

Outra vez **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que xa deron acceso á oposición. Citou que nun proceso selectivo participou **D^a Marta Lázara Fontao**, edil socialista daquela. Esta persoa no





Lalínkmuncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

proceso selectivo ao que asistiu afirmou que os membros do tribunal ben puideron preguntar unhas cousas e non outras.

Tamén preguntouse o que se comentaría na Corporación se un fillo seu aprobase este proceso selectivo.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** amosouse favorable a que a concelleira correspondente dera as explicacións deste tema.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** entendía que había que corrixir e subsanar aqueles aspectos que non estaban correctos. Non vía mal, pero tampouco necesario a comparecencia.

Falou de seguido a edil delegada de Actividade Económica, Comercio e Emprego, **D^a. María José Batán Mouriño**. Indicou que a esa convocatoria e ás súas bases se lle deu sobradamente publicidade. Antes se fixo a petición dos candidatos para os servizos. A principios de febreiro na páxina *web* do Concello e nos taboleiros de anuncios do Concello se publicou esa convocatoria. O día 19 de xaneiro aprobáronse as bases da convocatoria. A anotación non era importante, porque contaba a antigüidade. Era imposible facer as bases coñecendo as listas. Lembrou que houbo catro días para participar na convocatoria das prazas. Os cartos estaban aí, e os aspirantes necesitaban ter antigüidade para optar a certas prazas. Os criterios utilizados son os que se recollían na dita Orde. Había que sinalar que houbo tres sondaxes desde o Concello ao Servizo de Emprego para que lle enviase persoal, porque non se cubriron as prazas, por moitos motivos, porque a moitos non lles interesaban as mesmas e ou non se presentaban. Houbo tamén varias renuncias.


Por alusións de novo **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que houbo un exercicio escrito previo sen sabelo con antelación os aspirantes. Tamén indicou que a entrevista valorouse a algúns aspirantes con 5 ou con 3 a outros e foi eliminatoria. As actas indicaron que os exercicios foron eliminatorios, sen dicilo as bases. En conxunto as bases só recollían con 2,5 puntos os criterios recollidos nas bases da Deputación Provincial. Non se axustaban ás mesmas.


De seguido o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, preguntou ao edil socialista no uso da palabra: *¿que criterios empregou o Concello de Silleda?* Indicou que todos os Concellos seguiron neste asunto un trámite similar.

Finalmente rematou este debate **D.^a María José Batán Mouriño** indicando que o que dicía a moción xa o fixeron.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:

Que o Pleno deste Concello inste ao grupo de goberno a que en todos e cada un dos procesos selectivos de calquera tipo de persoal se garanta a publicidade previa coa antelación necesaria (utilizando non só os canais de comunicación propios do Concello senón tamén os distintos medios de prensa) tanto inicialmente no relativo aos postos de traballo a cubrir, como posteriormente en todo o que teña que ver coas bases e coas datas das correspondentes probas de selección.





Lalín muncipalidad

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

10.3.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO CAMPAÑAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN RELACIÓN AO SUBMINISTRO DE GAS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 22 de marzo de 2015 e rexistro de entrada do día 23 de marzo co número 1717. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de marzo de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** expuxo o contido da moción. Indicou que do mesmo xeito que o Concello informou e deu a coñecer os datos da chegada da empresa Gas Natural a Lalín e de contacto con este servizo, agora neste intre, había que informar aos veciños dos cambios e dos acordos que houbo entre Gas Natural e Repsol, sobre todo a aqueles veciños que antes contaban con subministro de gas da empresa Repsol e que agora pasen a Gas natural, había que saber que cambios ía supoñer este acordo, como ían quedar as acometidas de antes, e as actuacións que se ían facer de novo.


Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que estaba a favor.


Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** tamén adiantou o seu voto favorable.

Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que xa estaban neste tema desde hai tempo. En concreto solicitaron á empresa un plan de actuacións á vista do acordo de Gas Natural e Repsol. Había poucos Concellos nesta situación, pero Lalín era un deles.

Coidaba que a chegada do gas natural suporía un aforro importante para todos, os consumidores, e para as empresas, que no caso das empresas dos polígonos podería cifrarse en preto do cincuenta por cento. Era certo tamén que Repsol fixo antes do acordo unha rebaixa do 25 % este ano, e de outras reducións nos anos seguintes, pero o certo era que o gas natural chegaría a Lalín, e había que solucionar as situacións daqueles que antes contaban con subministro de Repsol. Estaban nelo; non obstante apoiarían a moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto a favor de vinte (20) concelleiros sendo catorce (14) do PP,





Lalín muncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación **ACORDOU APROBAR** a moción do seguinte tenor:

A empresa Gas Natural, como é sabido, estase implantando en Lalín co seu servizo de gas para consumo doméstico e industrial, para tal fin e coa colaboración do Goberno Municipal puxéronse en marcha medidas de difusión da súa implantación tales coma charlas no Museo lalinense que incluso levaban nas cartas enviadas aos domicilios dos lalinenses como invitación aos veciños a coñecer a proposta o membrete do noso Concello.

O Alcalde asegurou neste Pleno e na prensa que a instalación desta empresa en Lalín melloraría o servizo aos lalinenses e introduciría competencia no servizo no que xa estaba instalado a empresa Repsol, distribuidora de Gas Propano. Ademais nos seus primeiros anuncios o Alcalde afirmaba que as empresas poñeríanse de acordo para utilizar a mesma rede e causar as menores molestias aos veciños e veciñas de Lalín.


Posteriormente os lalinenses asistiron asombrados a un estado de sitio nas rúas e beirarrúas cunhas obras que non foron ben planificadas e que dende logo motivaron moitas protestas. Con esas obras de canalización levantáronse moitas rúas que nalgún caso foron reparadas a cargo dos orzamentos municipais como é o caso da rúa Pintor Laxeiro.

Recentemente os lalinenses soubemos que todas esas obras levadas a cabo na súa gran maioría, salvo zonas que carecían de subministro, foron inútiles e as molestias aos veciños non supuxeron ningunha vantaxe para os mesmos pois atopámonos que as empresas Repsol e Gas Natural Fenosa chegaron a un acordo económico do que nada se coñece e que puxo en xogo as rúas dos lalinenses, polo que a primeira vendía a súa rede á segunda e en Lalín vai quedar unha sola operadora de gas.

Paralelamente desmontábase tamén o argumento esgrimido polo goberno local relativo aos beneficios da competencia, pois finalmente só vai haber unha empresa que monopolice o subministro de gas aos veciños e veciñas de Lalín. En definitiva as molestias causadas aos veciños, ao levantar as rúas para logo reparalas con diñeiro público só serviu para substituír a empresa Repsol por Gas Natural no que pareceu máis un experimento de competencia entre dúas empresas tendo por reféns á cidadanía de Lalín.

Ante esta situación creada e a desorientación e falta de información que reclaman os lalinenses que en moitos casos descoñecen o que vai pasar co seu subministro e incluso xa hai reclamacións por supostos abusos, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

- Reclamar á empresa Gas Natural o inicio inmediato dunha campaña que permita saber con detalle que vai pasar cos subministro de gas e se informe dos custos e condicións con detalle.
- Habilitar os medios necesarios para asesorar aos lalinenses neste asunto e tramitar as súas reclamacións cando sexa oportuno.



Tomando a palabra, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que constase en acta o agradecemento a D. Rafael Abeledo López, natural de Lalín, polas súas xestións e actuacións en Madrid, diante do Ministerio do Interior e da Dirección Xeral da Policía, para conseguir que Lalín constase con a minicomisaría que vai ter en datas vindeiras.

11.- MOCIÓN DO PGD.-

11.1.- MOCIÓN DO PGD SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DO CONCELEIRO DELEGADO EN RELACIÓN ÁS OBRAS DE ACOMETIDA DE GAS NATURAL.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de marzo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 1720. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de marzo de 2015.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** salientou que tendo en conta o que se falou na moción anterior do grupo socialista, cumpría tamén escritas unha serie de aclaracións que o seu grupo reclamaba. Por elo pedía a comparecencia.

Non obstante o dito, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que el se comprometía a elaborar e entregarlle un informe por escrito antes da vindeira sesión, informándolle das xestións e actuacións realizadas e en curso coa empresa aludida de gas natural.

Con estas indicacións, **D. Camilo Conde López** retirou a moción.


12.- MOCIÓN POR URXENCIA.-

12.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO O CAMBIO NAS PROPOSTAS REALIZADAS NO PPOS 2015 Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 28 de marzo de 2015 que se presenta por urxencia ao Pleno da Corporación para a súa consideración.

Sometida a votación a urxencia da moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto a favor de vinte (20) concelleiros sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **acordouse dita urxencia**.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción.



O seu grupo quería que se falase cos grupos políticos antes de facer o gasto municipal en investimentos, que se consultase ás Anpas e ás asociacións de veciños para ver que gastos e investimentos ou actuacións había que facer. Non se fixo así e por iso pedían agora ese cambio nas decisións sobre os investimentos solicitados.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** salientou que estaba a favor da moción. Había que ter en conta que agora estabamos en fase preelectoral e que había obras que pedir, máis necesarias unhas que outras, como eran por exemplo os parques infantís. Indicou que había que esquecer as prácticas anteriores, como foron a construción de obras megalómanas. Estaban a favor.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** entendía que había que ter sensibilidade social, e actuar con esta lóxica de que os cidadáns participasen. Estaba a favor da urxencia e da moción.

Polo grupo de goberno, o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, sinalou que os planes das Deputación Provincial eran os que eran e non había máis. Os concellos tiñan dereito a decidir os investimentos dentro das normas que marcaba o organismo provincial, e aí estaba o PPOS.

Indicou que para estudar esa petición el mesmo reuniuse coas ANPAS e co técnico. Non lle parecía ben introducir agora esta obra neste plan, se ben non descartaba facelo con cargo a outra iniciativa. Tamén consideraba que non había motivo electoral na elección dos investimentos polo grupo municipal de goberno, xa que non habería tempo para licitar nin para executar as obras antes das eleccións.

De todos os xeitos indicou que o día 24 de maio de 2015, ou despois deste día, se a oposición gaña as eleccións poderá facer a obra e todas as da súa iniciativa, porque será a vontade do pobo a que decida.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- *Retirar das propostas ao PPOS 2015 a construción do "Lalín Park" por ser unha infraestrutura de carácter plurianual presentada tan só a 2 meses das eleccións e que comprometería gasto ao novo goberno municipal, e deixar dita decisión ao novo goberno municipal saído das urnas.*

- *Solicitar da Deputación o oportuno cambio no investimento presentando alternativas en substitución do "Lalín Park" que contemplen a mellora e ampliación dos parques infantís xa existentes.*


Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:


Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do

PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.





Lalín km cero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Xa que logo, rexeitouse a moción.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.-

13.1.- ROGOS.

Presentados de xeito escrito durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez.

ROGO.- Facéndose eco das queixas dos veciños da rúa do Reguengo e a súa preocupación polos nenos que xogan nesa rúa durante o bo tempo, e dado que non hai ningún sinal de control de velocidade en dita rúa co perigo que isto supón, solicita deste Concello que se tomen as medidas para solucionar este problema cuns sinais de control de velocidade e uns badéns se se considera necesario.

Respondeu O Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias, dicindo que se vería se procedía colocar uns sinais.

Tamén D. Manuel Gómez Estévez, edil delegado desa parroquia, dixo que desde logo os chamados lombos de burro non se ían colocar.

P.G.D.

D. Camilo Conde López

ROGO.- Peditu que a moción que quedou na última sesión plenaria se adecuase e se convertese para tratala como moción na vindeira sesión plenaria.


O Alcalde-Presidente quedou enterado.


13.2.- PREGUNTAS.

Presentadas de xeito verbal durante a sesión:

PSdeG-PSOE.

D. Manuel M^a González Aller.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

PREGUNTA.- Quería saber se había algo máis sobre o expediente da Fraga de Catasós sobre o xa actuado no dito expediente, e desde a última sesión plenaria.

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente, para indicar que só había o informe do Valedor do Pobo que recolle unhas recomendacións sobre o informe de impacto ambiental. Entendía que esta era unha cuestión da Xunta de Galicia, máis que do Concello.

Tamén indicou que sobre o ENIL, do que se falou na anterior sesión do Pleno, estíbese a facer un estudo por un experto, un botánico. Aínda non tiña nada, e coidaba que cando haxa un avance e o teña enriba da mesa poderíase falar.

Doutra banda indicou que todas estas cuestións había que estudalas, partindo de que estas actuacións eran posteriores á licenza de obra que se lle deu á empresa Unión Fenosa, a cal conta conto os sas permisos e autorizacións precisos, e habería que estudar isto xuridicamente.

Finalmente indicou que cando o teña enriba da mesma, quería presentarllo publicamente e falar cos veciños, para que saiban o que hai, o que implica o ENIL e as afectacións e limitacións que elo suporá, por exemplo, para construír ou á hora de cortar árbores.

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e quince minutos.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

José Crespo Iglesias

César López Arribas

